

## II

*(A escena comeza diante da reitoral, unha casa teatriño cunha porta de entrada que divide a casa en dúas metades. Ao lado dereito a xanela da vivenda do Sancristán e ao lado esquerdo a xanela da vivenda do padre Damián. Xosé e Carolina como actores. Xosé leva na man unhas zocas coas que agasalla a Carolina. Cantan todos.)*

XOSÉ – *(Convén para a personaxe un rapaz baixiño.)*

Oh!, mallao, mallao,  
miña Carolina *(bis)*  
Eras do teu pai,  
oh, tirín, tin, tin,  
mais agora es miña *(bis)*

CAROLINA – *(Convén para a personaxe unha actriz alta.)*

Oh!, mallao, mallao,  
vai devagariño *(bis)*  
Antes de casar  
oh, tirín, tin, tin,  
dáme un biquiño.  
Ai, miña nai! Agóchate.

*(Ábrense as cortinas da xanela da dereita da reitoral e desde alí a nai como monicreque diríxese a Carolina.)*

NAI

Oh!, mallao, mallao,  
que vida é a túa? *(bis)*  
Comer e beber  
oh, tirín, tin, tin,  
pasear na rúa *(bis)*  
Oh!, mallao, mallao,  
quen che deu as zocas?

*(Carolina entra na casa e aparece como monicreque. Leva as zocas na cabeza.)*

CAROLINA

Foi aquel rapaz,  
oh, tirín, tin, tin,  
que ten as pernas tortas. *(bis)*.

NAI – O Xosé? Carolina como te deixas engaiolar por ese Don Ninguén. Ese non che chega a ti á altura dos nocellos.

*(Co balbordo entra en escena o Sancristán como monicreque. É un retrato do organista que, porén, continúa no órgano facendo os acompañamentos musicais do espectáculo.)*

SANCRISTÁN – Que pasa? Que acontece? Tanta barulleira a que vén? Non podedes berrar menos.

NAI – A túa filla que anda a namoriscar co Xosé, o fillo do Ze, o portugués.

SANCRISTÁN – Pois moi ben feito, agora o que ten que facer é deixarse de tanto falar e casar. Casar dunha vez.

NAI – Casar? Ti estás tolo, como vai casar co Xosé! Ela ten que aspirar a outra cousa.

SANCRISTÁN – Outra cousa?

NAI – Si, ao fillo dun médico, dun boticario, dun notario... Non ao fillo dun xornaleiro! Que vai facer ela, se non sabe nin fiar!

SANCRISTÁN – Casar, ten que casar con el.

NAI – Non temos nada para darlle.

SANCRISTÁN – Darémoslle a cabra.

NAI – É brava!

SANCRISTÁN – Amansarémola.

NAI – É que tampouco ten enxoval.

SANCRISTÁN – Ten que casar, contra! Darémoslle unha leira.

NAI – Mais ela non é labradeira!

SANCRISTÁN – Xa amañaremos!

NAI – Non temos *lenzois*.

SANCRISTÁN – Dámosllos despois.

NAI – Despois é tarde.

SANCRISTÁN – Disimularemos. Xa se verá. Carolina ten que casar co Xosé e acabouse.

CAROLINA – (*Entra en escena pola porta da reitoral como actriz. Chama sixilosamente polo Xosé, que aparecerá tamén como actor.*) Estás aí?

XOSÉ – Carolina, que dixeron teus pais do noso casamento?

CAROLINA

Teño unha rouca de pau de figueira  
di miña nai que non son fiandeira.  
Di meu pai:  
“casar, casar”.  
Di miña nai que non ten que me dar.  
Di meu pai que me dá unha cabra.  
Di miña nai  
que ela é moi brava.  
Di meu pai  
“nós a amansaremos”.

XOSÉ – Toca, pianista, que o celebraremos. (*Bailan.*)

CAROLINA

Teño tear de madeira de espiño  
di miña nai non é estopa nin liño.  
Di meu pai:  
“casar, casar”  
Di miña nai que non teño enxoval.  
Di meu pai que me dá unha leira.  
Di miña nai  
que non son labradeira.  
Di meu pai:  
“nós a amañaremos”.

XOSÉ – Toca pianista que o celebraremos. (*Bailan.*)

CAROLINA

Teño dous fusos de ferro coado  
di miña nai non os deas de fiado.

Di meu pai:

“casar, casar”

Di miña nai que non teño *lenzois*.

Di meu pai que mos compra despois.

Di miña nai

que despois xa é tarde.

Di meu pai:

“Nós o agocharemos”.

XOSÉ – Toca, pianista, que o celebraremos.

*(Bailan e bícanse. Escuro.)*

### ESCENA III

*(Corróronse as cortinas da xanela esquerda da reitoral. Vemos o cuarto de durmir do padre Damián. No cuarto unha cama, unha cadeira e unha cómoda. Enriba da cómoda está o porrón. Desde a xanela o padre Damián, como monicreque, increpa a Xosé, que está fóra como actor.)*

XOSÉ

Arrimar, arrimeime,  
funme arrimando,  
á criada do cura,  
cominllo caldo.  
Cominllo caldo, nena,  
cominllo o caldo,  
arrimar, arrimeime,  
funme arrimando.

PADRE DAMIÁN – Ah, es ti Xosé!

XOSÉ – Si eu, si, son eu. Son eu, señor padre cura?

PADRE DAMIÁN – Se non o sabes ti, quen o vai saber?

XOSÉ – Vostede ten a obriga de me coñecer!

PADRE DAMIÁN – Obriga tes ti de confesarte na Semana Santa.

XOSÉ – Eu xa me confesei o ano pasado.

PADRE DAMIÁN – Mais este ano aínda non.

XOSÉ – Teño que confesarme todos os anos?

PADRE DAMIÁN – Oh!, Xosé, insolente! Veña, sube, que che quero botar a absolución. Ai!, estes fregueses meus son desesperantes.

*(O padre senta na cadeira e o Xosé entra pola porta da reitoral como actor e aparece no cuarto do cura como monicreque.)*

XOSÉ – *(Falando para si.)* O porrón da misa!

PADRE DAMIÁN – Xosé, ponte de xeonllos e vaite bendicindo.

XOSÉ – *(Entre dentes.)* Polo sinal, fonte canal, comín touciño, non me foi mal. Se máis tivese, máis comía. Ai!, señor cura, moito me sabía. En nome do nabo, da nabiza e do santo grelo, amén!

PADRE DAMIÁN – Mais esas non son as persoas da Santísima Trindade, Xosé!

XOSÉ – Son, son. Nabo, nabiza e grelo, cada cousa co seu tempero: ao nabo aceite, á nabiza unto e ao grelo presunto.

PADRE DAMIÁN – Presunto?

XOSÉ – Si, é como lle chama meu pai ao que está preso do unto, ao xamón.

PADRE DAMIÁN – Pois, pois, uns greliños con xamón... Ai! Xa sabes máis ca min. Anda, imos á confesión. Ave María Purísima.

XOSÉ – Sen pescado e con cebola.

PADRE DAMIÁN – Entón, fillo, que peccadiños tes? *(O padre Damián olla para o ceo e Xosé aproveita para collerlle o porrón.)*

XOSÉ – Padre... olle, olle digo, olle para aquí... Roubei un porrón.

PADRE DAMIÁN – Mais iso non se fai! Tes que devolverllo ao dono, e só despois che hei dar a absolución.

XOSÉ – E se llo dou a vostede?

PADRE DAMIÁN – A A min? Sentidiño, Xosé! Como vou ficar eu cun porrón roubado.

XOSÉ – E logo que quere que lle faga? Xa llo ofrecín ao dono e o dono non o quixo.

PADRE DAMIÁN – Ben, nese caso, podes ficar con el, mais tes que rezar igualmente dez Ave Marías e dez Nosopais. E vai con Deus, que non te quero ver diante!

XOSÉ

Señor cura, señor cura (*bis*)  
a doutrina non lla sei.

*(Sae pola porta como actor e aprovéitase a cantiga para a transición.)*

Pídame unhas cantiguiñas (*bis*)  
que eu llas repenicarei.

CAROLINA – De onde vés?

XOSÉ – Veño de confesarme co padre Damián.

CAROLINA – E como che foi?

XOSÉ – Foime ben, xa ves.

*(Dálle a beber do porrón. Carolina bebe e despois dálle un bico. Escuro.)*